



XOVES

I+D+i

Estimados/as amigos/as:

O Programa Operativo de I+D+i por e para o beneficio das empresas, máis coñecido como **Fondo Tecnolóxico**, é unha partida especial de fondos FEDER da Unión Europea destinada a promover a I+D+i empresarial en España, especialmente naquelas rexións de “converxencia”, entre as que se atopa Galicia.

O **Centro para el Desarrollo Tecnológico Industrial (CDTI)** ten aberta unha **Liña Directa de Innovación**, cuxa finalidade é apoiar proxectos empresariais que impliquen a **incorporación e adaptación de tecnoloxías novidosas a nivel sectorial** e que supoñan unha **vantaxe competitiva** para a empresa. A esta liña, cofinanciada con Fondos Estruturais a través do Fondo Tecnolóxico, poden presentarse todo tipo de empresas, independentemente do seu tamaño, cun proxecto de innovación que teña un **orçamento mínimo de 175.000 euros** e unha duración máxima de 18 meses. A modalidade de axuda é reembolsable a tipo de interese bonificado.

Por outra banda, o Instituto de Crédito Oficial (ICO) conta cunha **Liña ICO de Innovación Fondo Tecnolóxico 2013-2015**, que ofrece préstamos a PEMEs innovadoras, que cumpran os **requisitos** definidos polo Ministerio de Economía e Competitividade ou que estén rexistradas na **relación de empresas innovadoras** da Secretaría de Estado de I+D+i. A dotación total desta liña é de 314 millóns de euros, dos que **218 millóns** están asignados ás catro rexións de converxencia (Galicia, Andalucía, Castela-A Mancha e Extremadura). O importe máximo do préstamo é de 1,5 millóns de euros por beneficiario e ano, destinado a inversións en activos fixos produtivos dentro do territorio español. A modalidade da axuda é o **préstamo**, a tipo de interese fixo ou variable, que poderá acadar até o 100% da

inversión. O prazo para formalizar este crédito remata o **14 de decembro de 2015**, sempre que os fondos non se agotaran con anterioridade, ante calquera das **entidades de crédito colaboradoras** do ICO

Agardando que esta información sexa do teu interese, despedímonos até o próximo xoves!



Se non desexa recibir este boletín pode vostede darse de baixa enviando un mail a informa.gain@xunta.es dende a conta na que desexe anular a suscripción.